

Comité de Medio Ambiente

Transcribimos a carta que lle enviamos recentemente ao Sr. Josep Oliu, presidente de Banco Sabadell:

«A política sobre medio ambiente é pública e entendemos que de forma directa afecta a saúde e as condicións do cadro de persoal do Grupo Banco Sabadell, ademais do interese social que este tema suscita. Cremos que calquera órgano que trate esta temática no ámbito da empresa ha contar necesariamente coa participación da representación sindical democraticamente escollida polos traballadores no proceso electoral.

O respecto ao medio ambiente é unha cuestión de tal importancia no momento actual que a maioría de organismos gobernamentais teñen as súas carteiras, áreas ou secretarías dedicadas a esta cuestión. Así mesmo, as principais organizacións sindicais teñen tamén os seus correspondentes departamentos dedicados ao estudo dos impactos das actividades económicas sobre o contorno e as posibles solucións que deriven nunha actitude de concienciación e de respecto ao medio ambiente por parte de todos os axentes económicos.


Parécenos obvio que se as empresas queren conseguir unha boa xestión do impacto sobre o medio ambiente, han contar ineludiblemente coa colaboración da maioría de puntos de vista posibles que permitan unha mellor e máis extensa xestión das condutas ambientais e que conduzan á excelencia neste tema de vital importancia para o futuro da nosa sociedade e da nosa propia empresa.

É por iso polo que lle pedimos a vostede, como presidente do Consello de Administración, órgano do cal depende o Comité de Medio Ambiente, que se inclúa na estrutura actual unha conveniente vogalía en nome da representación sindical, co espírito de colaboración que entendemos que este tema merece e require.

Quedamos á espera das súas noticias e saudámolo moi cordialmente.»

Xuño de 2007

Conéctate á nosa web: People > Seccións Sindicais > COMFIA-CCOO > <http://bs.comfia.net>

Boletín de afiliación	Enviar a ➔	0901 – 0105 CC.OO.	Sinatura	
Nome _____		Ofi.: _____		
Domicilio _____				
Poboación _____		C.P.: _____		
Cta. de cargo _____			DNI _____	Data / /
<small>Quedo informado de que os datos persoais que facilito para a xestión solicitada se incorporarán a un ficheiro automatizado de datos de carácter persoal para uso interno baixo responsabilidade de CC.OO.; de que podoo exercer os dereitos de acceso, rectificación e cancelación dos datos que constan no dito ficheiro nos termos previstos na LOPD 15/99 e demais normativa complementaria a través das sedes de CC.OO., e, por tanto, dou a miña conformidade á recollida de datos, así como á cesión para a indicada finalidade que poida realizar CC.OO. nos termos previstos na devandita Lei.</small>				